

Lugar de celebración do curso: Sindicato Labrego Galego. Rúa Virxe do Portal, 11. 32400 Ribadavia (Ourense).

Duración: vinte (20) horas teórico-prácticas e unha (1) hora de avaliación.

Horario: das 16.00 ás 21.15 horas.

Nº de prazas: quince (15) alumnos.

Presentación de solicitudes: enviarase a ficha de inscrición xunto cunha copia do DNI, fotografía tamaño carné e xustificante de pagamento a *Sanea Control, S.L.*, avda. da Mahía 106, baixo, Bertamiráns-Ames, 15220 A Coruña. Teléfono: 981 88 69 24/639 60 63 81, fax: 881 24 29 45, correo electrónico: saneacontrol@yahoo.es

Data límite de presentación de solicitudes: ata o día 13 de outubro de 2009.

Criterio de selección: por rigorosa orde de recepción da solicitude.

NOME:		APELIDOS:	
CARGO/ACTIVIDADE DESEMPEÑADA:			
EMPRESA:		SECTOR ACTIVIDADE:	
ENDEREZO:			CP:
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:	

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (Diario Oficial de Galicia número 13, do 20 de xaneiro de 2009).*

A Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (*Diario Oficial de Galicia* nº 13, do 20 de xaneiro de 2009), establece na súa disposición adicional primeira que as accións incluídas na dita orde financiarán con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, previndo tamén futuros para o ano 2010 nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías: 48.05.322B.481.0 cun importe de 1.650.000 euros, código de proxecto 2002 14460; 48.05.322B.481.2 cun importe de 200.000 euros, código de proxecto 2009 01024; 48.05.322B.460.0 cun importe de 375.000 euros, código de proxecto 2002 14460; 48.05.322B.461.0 cun importe de 400.000 euros,

código de proxecto 2009 01026; 48.05.322B.461.0 cun importe de 100.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

As contías de futuros sinaladas amósanse insuficientes co fin de completar as contías concedidas para o ano 2010 ao abeiro da dita orde polo que se compre amplian o importe dos créditos de futuros.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia,

### DISPOÑO:

Primeiro.-Amplíase o importe do límite dos compromisos orzamentarios para o ano 2010 fixados na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías:

-48.05.322B.481.0 cun importe de 140.000 euros, código de proxecto 2002 14460.

-48.05.322B.481.2 cun importe de 70.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

-48.05.322B.460.0 cun importe de 170.000 euros, código de proxecto 2002 14460.

-48.05.322B.461.0 cun importe de 240.000 euros, código de proxecto 2009 01026.

-48.05.322B.461.0 cun mporte de 10.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

Segundo.-As cantidades totais para o ano 2010 previstas na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego por aplicacións serán as seguintes:

-48.05.322B.481.0 cun importe de 1.790.000 euros, código de proxecto 2002 14460.

-48.05.322B.481.2 cun importe de 270.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

-48.05.322B.460.0 cun importe de 545.000 euros, código de proxecto 2002 14460.

-48.05.322B.461.0 cun importe de 640.000 euros, código de proxecto 2009 01026.

-48.05.322B.461.0 cun importe de 110.000 euros, código de proxecto 2009 01024.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na dita orde de convocatoria para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar